

## Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional

Os contidos preséntanse en catro bloques.

**Bloque 1: o traballo no laboratorio:** organización dun laboratorio, materiais e as substancias que van usar durante as prácticas, coñecemento e no cumprimento das normas de seguridade e hixiene, correcta utilización de materiais e substancias. O obxectivo é que o alumnado realice ensaios de laboratorio que lle permitan coñecer as técnicas instrumentais básicas.

Procurarase que os/as estudantes poidan obter no laboratorio substancias con interese industrial, de xeito que establezan unha relación entre a necesidade de investigar no laboratorio e a posterior aplicación dos resultados á industria.

**Bloque 2: a ciencia e relación co ambiente:** tipos de contaminantes, orixes e efectos, o tratamento para reducir os seus impactos e eliminar os residuos.

**Bloque 3:** as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta para coñecer os últimos avances neste campo a nivel mundial e local.

**Bloque 4 :** proxecto de investigación seguindo os métodos da ciencia aplicados a coñecementos adquiridos.

## Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial

Tres grandes bloques: o primeiro, titulado

**1.-Autonomía persoal, liderado e innovación:** centrado na descrición das cualidades e destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, decisións sobre o itinerario vital.

**2.- Proxecto de empresa:** principais áreas e funcións da empresa co obxecto de elaborar un proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente.

**3.-Finanzas:** alternativas na empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento, as obrigas fiscais, a viabilidade do negocio.

Contribúe ao desenvolvemento da competencia de **sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor.**

## Cultura Científica

- **No cuarto curso de ESO** establece a base de coñecemento científico sobre temas xerais como :
  - **O universo**
  - **Os avances tecnolóxicos**
  - **A saúde**
  - **A calidade de vida**
  - **A contribución do coñecemento dos materiais aos avances da humanidade.**
  
- **1º de bacharelato** déixanse cuestións algo máis complexas, como:
  - **A formación da Terra e a orixe da vida**
  - **A xenética**
  - **Os avances biomédicos**

- **As tecnoloxías da información e da comunicación.**

## **Cultura Clásica**

O obxectivo primordial achegar o alumnado **ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico**, para poder tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental.

Establécense dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico.

1.- O ámbito lingüístico orientase fundamentalmente a **analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade.**

2.- No ámbito non lingüístico englobase o resto dos bloques propostos: **xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura.** Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade.